



## **O BEI E EROSKI ASINAN UN PRÉSTAMO DE 40 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR A INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS SEUS ESTABLECEMENTOS**

- Os investimentos mellorarán a sustentabilidade de aproximadamente 1.500 supermercados en toda España mediante a optimización do uso da enerxía.
- O proxecto tamén inclúe investimentos en intelixencia artificial (IA) e ciberseguridade que reforzarán a experiencia da clientela e a resiliencia da cadea de subministración.
- A operación contribúe a TechEU, o maior programa de investimentos para acelerar a innovación tecnolóxica na UE, e a REPowerEU, o programa para reducir a dependencia das importacións de combustibles fósiles.

**Elorrio, 27 de marzo de 2026.**– O Banco Europeo de Inversiones (BEI) e [EROSKI](#) asinaron un préstamo marco de 40 millóns de euros que apoiará á empresa na execución dun importante programa de investimentos destinados á eficiencia enerxética e a innovación dixital en toda a súa rede de establecementos de toda España.

A operación financiará proxectos para reducir o consumo de enerxía e as emisións de gases de efecto invernadoiro nos seus centros, plataformas e sedes, así como a implementar tecnoloxías dixitais avanzadas que fortalecerán a competitividade do sector retalista europeo e contribuirán á creación de emprego durante as obras de renovación.

Os investimentos en eficiencia enerxética destinaranse á modernización dos sistemas de refrixeración industrial e de calefacción, ventilación e aire acondicionado de aproximadamente 1.500 tendas. Estas accións inclúen a transición cara refrixerantes máis sostibles e melloras no rendemento enerxético que permitirán reducir as emisións de CO2.

Os investimentos en innovación permitirán aproveitar as capacidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais, como a intelixencia artificial (IA) e a análise de datos, para mellorar a experiencia da clientela e a eficiencia operativa, así como para fortalecer a resiliencia cibernética.

---

**EROSKI – Dirección de Comunicación Corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**INCÓGNITO – Agencia de Prensa**  
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

«O préstamo asinado con EROSKI é un novo exemplo de como o BEI apoia a transición enerxética e a transformación dixital dun sector relevante da economía», afirmou **Pilar Solano, directora do Departamento de Financiamento Corporativo do BEI para a UE**. «Ao acompañar a dixitalización e os investimentos en eficiencia enerxética de EROSKI en España, o BEI contribúe a reducir a dependencia dos combustibles fósiles, ao tempo que fomenta a competitividade e o crecemento sostible do sector retalista europeo».

«O apoio do Banco Europeo de Investimentos (BEI) a este programa de investimentos enmárcase no proceso de financiamento de EROSKI realizado en novembro de 2025. A súa formalización non altera os termos deste proceso de financiamento que xa se anunciou. A participación do BEI traballouse en paralelo durante os últimos meses e é coherente coa confianza acumulada na evolución do Grupo EROSKI e no seu modelo cooperativo. Este apoio súmase ao das institucións locais, estatais e financeiras, tanto nacionais como internacionais, e reforza a credibilidade institucional do proxecto, así como a súa aliñación cos estándares europeos en materia de sustentabilidade, innovación e visión a longo prazo», afirma **Josu Mugarra Urrutia, director financeiro do Grupo EROSKI**. «Máis alá do seu encaixe no marco financeiro, esta operación contribúe de forma directa ás nosas prioridades estratéxicas, sobre todo en materia de eficiencia e innovación tecnolóxica. Os investimentos que impulsamos permítenos avanzar na optimización operativa da nosa rede, reducir o consumo enerxético e, ao mesmo tempo, seguir mellorando a nosa proposta de valor para a clientela, adaptándonos de forma máis áxil e precisa ás súas necesidades», conclúe Mugarra.

O proxecto contribúe de forma significativa ás prioridades estratéxicas do Grupo BEI de acción polo clima, dixitalización e innovación tecnolóxica que se establecen na [Folla de ruta estratéxica do grupo](#) para o período 2024 2027 e na [Folla de ruta do Banco do Clima, Fase 2 \(2026 2030\)](#). O préstamo forma parte da iniciativa [TechEU](#), o programa do Grupo BEI para acelerar a innovación na UE grazas á mobilización, de aquí a 2027, de 250 000 millóns de euros en investimentos para empresas emerxentes, empresas en expansión e empresas innovadoras de toda Europa. Tamén forma parte do plan de acción do BEI para apoiar [REPowerEU](#), o programa para reforzar a seguridade enerxética e reducir a dependencia da UE das importacións de combustibles fósiles.

A operación ten o apoio de [InvestEU](#), o programa da Unión Europea para mobilizar máis de 372 000 millóns de euros en investimentos adicionais entre 2021 e 2027.

#### **EROSKI**

EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,7 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial supera as 1.500 tendas, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña,

ademais de gasoleneiras, tendas de deportes e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta con máis de 6,4 millóns de socios clientes e máis de 27 600 persoas no seu cadro de persoal, das cales case 9000 son socias propietarias.

## O Grupo BEI

O Grupo Banco Europeo de Investimentos ([BEI](#)) é o brazo financeiro da Unión Europea, cuxos accionistas son os 27 Estados membros, e é un dos bancos multilaterais de desenvolvemento máis grandes do mundo. En 2025, o Grupo BEI asinou 100 000 millóns de euros de novo financiamento e servizos de asesoramento para máis de 870 [proxectos de alto impacto](#) nas [oito prioridades fundamentais](#) que contribúen aos [obxectivos estratéxicos](#) da UE: acción polo clima e o medio ambiente, dixitalización e innovación tecnolóxica, seguridade e defensa, cohesión territorial, agricultura e bioeconomía, infraestruturas sociais, alianzas mundiais sólidas e a Unión de Aforros e Investimentos. Ademais dos préstamos a longo prazo para grandes infraestruturas, o Grupo BEI atrae o investimento privado para empresas e proxectos innovadores e de alto risco, e desenvolve un papel cada vez maior nos mercados europeos de venture debt, capital privado, garantías e titulizacións.

En España, o Grupo BEI realizou operacións de financiamento e investimento por un valor aproximado de 11 000 millóns de euros, aos que se engaden 2900 millóns de euros adicionais do Fondo de Resiliencia Autonómica (préstamos Next Generation EU) en 2025.

O Fondo Europeo de Investimentos ([FEI](#)) é a filial do Grupo BEI especializada en ofrecer garantías e capital para mellorar o acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas e das empresas emerxentes en toda Europa. En calidade de investidor áncora, o FEI mobiliza o investimento privado e impulsa o ecosistema de fondos de capital risco para apoiar aos emprendedores europeos innovadores mediante a súa ampla rede de bancos e fondos de investimento asociados.

En 2023, o FEI iniciou, xunto con seis Estados membros (Francia, Alemaña, Italia, España, Bélxica e os Países Baixos), a iniciativa European Tech Champions, un fondo de fondos destinado a impulsar as empresas emerxentes innovadoras en fase de expansión. Esta iniciativa xa permitiu que se creasen 14 megafondos europeos de capital risco e a expansión de 40 empresas, entre elas 11 unicornios (entidades valoradas en máis de 1000 millóns de euros).

Pode atopar fotografías dos representantes do Grupo BEI e da súa sede, así como ficheiros co logotipo e secuencias de vídeo B-roll para os medios de comunicación [aquí](#).

## InvestEU

The InvestEU programme provides the European Union with long-term funding by leveraging substantial private and public funds in support of a sustainable recovery. It also helps crowd in private investment for the European Union's strategic priorities such as the European Green Deal and the digital transition. InvestEU brings all EU financial instruments previously available for supporting investments within the European Union together under one roof, making funding for investment projects in Europe simpler, more efficient and more flexible. The programme consists of three components: the InvestEU Fund, the InvestEU Advisory Hub and the InvestEU Portal. The InvestEU Fund is deployed through implementing partners that will invest in projects using the EU budget guarantee of €26.2 billion. The entire budget guarantee will back the investment projects of the implementing partners, increase their risk-bearing capacity and thus mobilise at least €372 billion in additional investment.

---

## EROSKI - Dirección de Comunicación

### Corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 [comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### INCÓGNITO - Agencia de Prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950